

# **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN "AS BURGAS, PARA O TRATAMENTO E REHABILITACIÓN DO ENFERMO ALCOHÓLICO" PARA O DESENVOLVEMENTO DA ASISTENCIA A PACIENTES CON TRASTORNOS RELACIONADOS CON SUBSTANCIAS E TRASTORNOS ADICTIVOS**

## **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde asinou o 31.03.2026 coa asociación "*As Burgas para o tratamento e rehabilitación do enfermo alcohólico*" o convenio arriba referido. O prazo de vixencia deste convenio será dende o día seguinte ao da súa sinatura até o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto colaborar no desenvolvemento, por parte da Asociación "*As Burgas para o tratamento e rehabilitación do enfermo alcohólico*", de programas de intervención de asistencia sanitaria especializada e a atención desde un enfoque biopsicosocial a persoas con trastornos relacionados co alcohol, tabaco, xogo e outros trastornos adictivos, atendendo á planificación e criterios, guías e procedementos establecidos polo Servizo Galego de Saúde.

No desenvolvemento destes programas, a asociación atenderá toda a demanda que se xere neste período respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade e gratuidade.

Asemade desenvolverase un programa destinado á prevención de recaídas de pacientes previamente estabilizados, e o programa "*Conta Contigo*", destinado a persoas exreclusas en proceso de reincorporación social.

A prestación sanitaria axustarase ao disposto pola Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia no tocante á atención especializada e comprenderá, entre outras, as funcións de prescrición e procedementos diagnósticos e terapéuticos, rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperable, a educación para a saúde no seu ámbito de actuación e a realización das prestacións sociosanitarias que correspondan con este nivel de asistencia en coordinación co sistema de servizos sociais.

No desenvolvemento da súa actividade colaborará cos servizos de saúde na atención integral e coordinada destes pacientes especialmente no tocante a patoloxías de elevada comorbilidade como as enfermidades transmisibles e a enfermidade mental.

As persoas usuarias contarán cun programa de tratamento actualizado que atenda as súas circunstancias de saúde e sociais, introducindo aqueles aspectos necesarios para dar respostas

aos colectivos de maior vulnerabilidade e atendendo a perspectiva de xénero no desempeño das súas actividades.

Co fin de acadar unha maior concienciación nesta materia por parte da cidadanía e de mellorar a formación dos profesionais implicados no tratamento destes pacientes, o equipo asistencial colaborará no desenvolvemento e deseño do Plan Anual de Formación previsto no Plan de Trastornos Adictivos da Comunidade Autónoma.

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

O Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia e o Plan de Saúde Mental de Galicia, constitúen o marco normativo de desenvolvemento da asistencia da saúde mental en Galicia.

Tal e como se recolle no citado decreto, o desenvolvemento dos dispositivos de saúde mental do Servizo Galego de Saúde precisa complementarse en áreas específicas para dar unha resposta máis completa as ditas necesidades asistenciais e, en concreto, no ámbito da atención aos problemas relacionados co alcol, tabaco, xogo e outras dependencias sen substancia.

Segundo o establecido no Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, a través da Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental, é a responsable de desenvolver as actuacións sanitarias en relación coa saúde mental nos centros sanitarios, así como a rede de centros de drogodependencias, e de impulsar a cooperación e coordinación cos órganos ou unidades da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia competentes en materia de servizos sociais, de cara a fomentar o desenvolvemento e a integración das prestacións sociosanitarias.

De conformidade co artigo 16.1 da Lei 2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre Drogas, os poderes públicos da Comunidade Autónoma Galega garantirán, nas mesmas condicións que o resto da poboación, o proceso de atención ó drogodependentes nos servizos sanitarios e sociais, respectando os dereitos e as obrigas que establece a normativa básica e autonómica nesta materia. Neste mesmo sentido, o artigo 18.1 recolle que as administracións públicas de Galicia velarán polo desenvolvemento das actividades asistenciais precisas para o tratamento dos diversos problemas derivados do consumo de drogas, a desintoxicación, a deshabitación-rehabilitación e a atención ás complicacións orgánicas, psíquicas e sociais e ás urxencias derivadas do uso das drogas.

Co obxecto de garantir as prestacións adecuadas, a administración autonómica, no marco das súas competencias, poderá establecer acordos, convenios, contratos ou concertos con entidades tanto públicas coma privadas, preferentemente con aquelas que non teñan ánimo de lucro.

Existen asociacións que están a desenvolver un acreditado traballo de calidade a todos os niveis (preventivo, asistencial e rehabilitador), acorde ao catálogo de programas do Plan de Galicia sobre Drogas, e cumpren coa normativa específica para realizalo en centros sanitarios autorizados



(Orde de 7 de xullo de 1988, sobre autorización de unidades, centros e establecementos sanitario-asistenciais de tratamento das drogodependencias).

O presente convenio formalizouse coa Asociación As Burgas, asociación privada sen ánimo de lucro, constituída no ano 1992 e que, segundo os seus estatutos, ten como finalidade a asistencia sanitaria e social a persoas con trastornos adictivos, especialmente os relacionados co alcohol.

Os programas que se desenvolverán ao amparo deste convenio son:

- Programas de tratamento relacionados co alcohol, tabaco, ludopatía, compras, etc., incluíndo unha serie de intervencións clínicas que teñen como finalidade a evolución e tratamento dos trastornos psiquiátricos que presentan os pacientes incluídos en ditos programas.
- Avaliación clínica: psicosocial, psiquiátrica e psicolóxica.
- Avaliación neuropsicolóxica (opcional para pacientes cunha cribaxe de dano cerebral positivo).
- Tratamento de desintoxicación.
- Programas psicoeducativos.
- Programas de prevención de recaída.
- Programas de sensibilización.
- Programas para pacientes dependentes de alcohol en lista de espera para transplantes hepáticos e postrasplantados.
- Programas de patoloxía dual.
- Programa de prevención do suicidio para pacientes adictos.
- Programa "*Cuenta Contigo*" para xestión de penas e medidas alternativas.

A asociación está inscrita no Rexistro de Entidades Colaboradoras do Plan de Galicia sobre Drogas, creado polo Decreto 74/2002, do 28 de febreiro, garantindo así a súa plena capacidade e acreditación para desenvolver programas especializados de atención a persoas con adiccións.

Esta entidade desenvolve unha actividade asistencial de carácter esencial e continuado, prestando atención directa a pacientes con trastornos relacionados co consumo de substancias e con trastornos adictivos, colectivos que requiren unha intervención estable, ininterrompida e especializada.

Ademais, dentro da súa actividade desenvólense programas de intervención de asistencia sanitaria especializada dende un enfoque biopsicosocial a persoas con trastornos relacionados con substancias e outros trastornos adictivos na Comunidade Autónoma galega.

A poboación destinataria destes programas é especialmente vulnerable, ao tratarse de persoas con trastornos aditivos, o que incrementa a súa exposición á exclusión social, aos riscos de reincidencia e á dificultade de acceso aos recursos públicos e comunitarios.

A especificidade técnica esixe equipos profesionais altamente cualificados, con formación e experiencia acreditada na atención a persoas vulnerables con adiccións, así como mecanismos estables de coordinación cos recursos públicos implicados.



As actuacións obxecto do convenio responden a razóns de interese público de carácter social, sanitario, económico e humanitario, ao dirixirse a un colectivo especialmente vulnerable, que require dunha atención especializada e continuada para garantir a súa integración social, a redución de riscos asociados á súa situación e a protección da súa dignidade.

Concorren tamén razóns de interese económico, ao contribuír estes programas á redución da reincidencia, á diminución dos custos derivados tanto do sistema sanitario como xudicial e penitenciario, e á optimización dos recursos públicos mediante intervencións preventivas e de reinserción social eficaces.

Desde unha perspectiva humanitaria, resulta esencial proporcionar unha atención respectuosa cos dereitos fundamentais ás persoas destinatarias e favorecedora de procesos reais de recuperación persoal e integración comunitaria.

Os programas obxecto do convenio veñen desenvolvéndose de forma continuada no marco da Rede de Incorporación Social do Plan de Galicia sobre Drogas, constituíndo actuacións plenamente integradas e consolidadas nas políticas públicas autonómicas en materia de drogodependencias e inclusión social.

A Asociación As Burgas dispón dos medios técnicos necesarios e ten capacidade de coordinación das asociacións que actúan na correspondente área sanitaria, o que garante o desenvolvemento dos programas segundo o catálogo de programas asistenciais do Plan Galego sobre Drogas.

A interrupción destas actuacións suporía un prexuízo directo para as persoas destinatarias, incrementando a súa vulnerabilidade e comprometendo a eficacia dos procesos de intervención en curso e os obxectivos de interese público, social e humanitario perseguidos.

A formalización do convenio está baseada polo tanto en consideracións derivadas do interese sanitario, social e humanitario, así como en razóns de eficacia e falta de medios do Servicio Galego de Saúde, que non podería desenvolver directamente estes programas.

A colaboración do Servicio Galego de Saúde realízase mediante a achega dunha subvención que se concede de forma directa á Asociación As Burgas, de acordo co establecido no artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no que se recolle que poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Comunidade Autónoma, sendo os convenios o instrumento habitual para canalizar as mesmas.

O financiamento do presente convenio está previsto nos Orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2026, cunha partida específica para esta asociación de douscentos trinta mil trescentos trinta e seis 230.336,00 € dentro do Plan Galego de Asistencia ás Adicións, o que garante a cobertura económica dos programas e reforza o compromiso institucional coa súa continuidade, garantindo así o axeitado financiamento das actuacións especializadas.



Esta contía supón un incremento do 2% respecto do convenio asinado en 2025 con esta mesma entidade, por mor do incremento do gasto corrente no que previsiblemente incorrerá a entidade, tal e como consta na memoria xustificativa achegada por esta.

De acordo co recollido na memoria achegada pola entidade, o número estimado de persoas beneficiarias directas para o ano 2026 é de 2.500.

Conforme o previsto no artigo 26.2 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estimouse debidamente xustificado non promover a concorrência pública para a implantación dos programas de intervención de asistencia sanitaria especializada obxecto deste convenio, pola súa elevada especificidade técnica, a vulnerabilidade da poboación destinataria, a continuidade das actuacións, as finalidades específicas de atención integral, coordinación e asesoramento, e a existencia de financiamento previsto nominativamente nos Orzamentos da Xunta de Galicia para 2026.

Por todo o exposto, formalizouse un convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación "*As Burgas para o tratamento e rehabilitación do enfermo alcohólico*", con cargo á aplicación orzamentaria 5001.413A.481.23 e código de proxecto 2022 00002, por valor de douscentos trinta mil trescentos trinta e seis euros (230.336 €), consignados nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026. Destes, sete mil euros (7.000 €), corresponden ao programa do Plan Nacional de Drogas, e o resto a fondos propios libres.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

